



CONCELLO DE BOIRO

Secretaría Xeral/Rf. Juan Manuel Salguero del Valle

ANUNCIO:

Faise público que a Xunta de Goberno Local na Sesión de data 3 de agosto de 2010, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

2.18. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA A TRAVÉS DE PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE DA OBRA DE 2º FASE DOTACIONAL DEPORTIVO, APARCADOIRO PÚBLICO E OUTROS USOS: APARCADOIRO (Fondo Estatal para o emprego e sostenibilidade local 2010, Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro

VISTO que con data 3 de maio de 2010, polo Sr. alcalde-presidente informouse ante o Sr. secretario xeral da Corporación sobre a necesidade de realizar a contratación das obras de **"2º FASE DOTACIONAL DEPORTIVO, APARCADOIRO PÚBLICO E OUTROS USOS: APARCADOIRO"**(Fondo Estatal para o emprego e sostenibilidade local 2010, Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro)".O tipo de licitación é de **956.000,00 euros, ive engadido (824.137,93 euros e 131.862,07 euros IVA)**.

VISTO que dada a característica obra consideráse como procedemento máis adecuado o procedemento negociado con publicidade.

VISTO que emiteuse Informe de Intervención sobre o porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

VISTO que emiteuse informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento que se debe seguir e visto que de conformidade co mesmo o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía de data 25 de xuño de 2007, toda vez que o seu importe é de **956.000,00 euros, ive engadido (824.137,93 euros e 131.862,07 euros IVA)** e polo tanto, non supera nin o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento deste Concello nin a cuantía de seis millóns de euros.

VISTO que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de maio de 2010 aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

VISTO que redactouse e incorporouse ó expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a adjudicación do contrato.

VISTO que realizouse por Intervención a retención de crédito oportuna e emiteuse informe de fiscalización do expediente coas conclusións que obran no expediente.

VISTO que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2010 aprobouse o expediente e os pregos de cláusulas administrativas para a adjudicación das





CONCELLO DE BOIRO

obras de "**2º FASE DOTACIONAL DEPORTIVO, APARCADOIRO PÚBLICO E OUTROS USOS; APARCADOIRO**", por procedimient negociado con publicidade e procedeu autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

VISTO que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de xuño de 2010 seleccionouse ós candidatos para presentar ofertas.

VISTO que rematado o prazo para presentar ofertas se presentaron as seguintes entidades:

- 1.-Manuel Rodríguez Lema S.L** (rex de entrada nº 8396 de 12 de xullo de 2010).
- 2.-Serinfra S.A, Servicios e Infraestructuras** (rex de entrada nº 8203 de 6 de xullo de 2010).
- 3.-Construcciones Oñilal S.L** (rex de entrada nº 8348 de 9 de xullo de 2010).
- 4.-Jesús Martínez Construcciones** (rex de entrada nº 8351 de 9 de xullo de 2010).
- 5.-UTE Marco, Obras y Proxectos de Arosa S.L e Sedesa, Obras y Servicios S.a** (rex de entrada nº 8352 de 9 de xullo de 2010).
- 6.-Hidroscivil S.L** (rex de entrada nº 8283 de 8 de xullo de 2010).
- 7.-UTE Construcciones Nemesio Ordóñez S.Ae Construcciones Ces S.L** (rex de entrada nº 81253 de 5 de xullo de 2010).

VISTO que a Xunta de Goberno Local na Sesión de data 27 de xullo de 2001, a proposta da Mesa de Contratación (sesión de data 26 de xullo de 2010) acordou adxudicar provisionalmente o contrato de referencia á entidade **UTE Marco Obras Obras y Proxectos de Arosa S.L -SEDESA Obras y Servicios S.a** polo prezo de **698.453,59 euros, iva engadido (S91.909,82 € e 106.543,77 euros de iva)** e de acordo coas seguintes consideracións:

- Persoal contratado: (desempregados: 15 persoas)**
- Prazo: 3 meses.**

VISTO que con data 28 de xullo de 2010 a adxudicación provisional notificouse a todos os candidatos e publicouse no Perfil de Contratante do órgano de contratación.

VISTO que a adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario, requiríndolle para que presentara a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.

VISTO que o adxudicatario constituíu garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos.

ACREDITADO que a entidade SEDESA OBRAS Y SERVICIOS S.A, cambou a súa denominación social pola de **EZENTIS INFRAESTRUCTURAS S.A** (elevación a público do acordo da Junta General de Accionistas da entidade Sedesa, Obras y Servicios S.A. de data 23 de xuño de 2010, elevación a público que foi outorgada ante o notario da entidade de Paterna, Valencia, D. Angel López-Amo Calatayud con data 2 de xullo de 2010)

Examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 26 de outubro, de Contratos do Sector Público,





CONCELLO DE BOIRO

A Xunta de Goberno Local, no uso das facultades conferidas pola Alcaldía con data 25 de xuño de 2007, acorda por unanimidade dos seus catro membros presentes dos seis que de dereito a integran:

Primeiro:- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato do obras de **2º FASE DOTACIONAL DEPORTIVO, APARCADOIRO PÚBLICO E OUTROS USOS: APARCADOIRO**", (Fondo Estatal para o emprego e sostenibilidade local 2010, Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro) aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xullo de 2010 e no Perfil de Contratante.

Segundo:- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do orzamento vixente de gastos.

Terceiro. Notificar a elevación a definitiva da adxudicación provisional aos candidatos que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.

Cuarto:- Notificar á entidade **UTE Marco. Obras y Proxectos de Arosa S.L e EZENTIS INFRAESTRUCTURAS S.A,** (antes **UTE Marco. Obras y Proxectos de Arosa S.L e Sedesa, Obras y Servicios S.a**) adxudicataria do contrato, o presente contrato e citarlle para a sinatura do documento contractual.

Quinto. Publicar a elevación a definitiva da adxudicación provisional do contrato do servizo de referencia no Perfil de contratante.

Sexto. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

2.19. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL A TRAVÉS DE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DAS OBRAS DE "CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA CENTRO DE FORMACIÓN E VIVEIRO DE EMPRESAS: INSTALACIONES VARIAS

VISTO que con data 14 de decembro de 2009 polo Sr. Alcalde-presidente detectouse a necesidade de realizar a contratación das obras consistentes en **"CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA CENTRO DE FORMACIÓN E VIVEIRO DE EMPRESAS: INSTALACIONES VARIAS"**.

VISTO que dada a característica da obra se considera que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

VISTO que se emitió informe de Intervención sobre o porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

VISTO que se emitió Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

VISTO que consta no expediente o prego de Cláusulas Administrativas Particulares que se deixin de rexir a adjudicación do contrato.





CONCELLO DE BOIRO

VISTO pola Intervención realizouse a retención de crédito oportuna e se emitiu Informe de fiscalización do expediente coas conclusións que obran no expediente.

VISTO que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2010 solicitarónse ofertas ás entidades **FOELCA S.L, FONTAMI S.I e BOIRESA S.I.,**

VISTAS as ofertas presentadas en tempo e forma e examinada a documentación que as acompaña e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

(Empresas presentadas:

-FOELCA S.L.....rex de entrada nº 7486 de 22 de xuño:

Oferta.....**182.124,40 euros. ive incluído.**

A Xunta de Goberno Local no uso das atribucións conferidas pola Alcaldía con data 25 de xuño de 2007, acorda por unanimidade dos seus catro membros presentes dos seis que de dereito a integran:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato para a realización das obras de **"CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA CENTRO DE FORMACIÓN E VIVEIRO DE EMPRESAS: INSTALACIÓNS VARIAS"**, por procedemento negociado sen publicidade á empresa **FOELCA S.L** e polo prezo de **182.124,40 euros, ive incluído.**

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir á entidade **FOELCA S.L** adxudicataria provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no *Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña* e no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* e no Perfil de Contratante.

QUINTO:-Facultar ó Sr.alcalde-presidente tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

SEXTO:- Realizados os trámites anteriores, que por Secretaría se emita informe-proposta e déase conta a esta Xunta de Goberno Local para resolver ao respecto.

Boiro, 5 de Agosto de 2010.

O secretario

Asdo. Juan M Salazar Castel Valle

